



## ORDENANZA FISCAL 13 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL POR OCUPACIÓNS DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

### PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Excmo. Concello de Pontevedra establece a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local constituídos pola ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública, a que se refire o artigo 20.3.e) e j) do citado Texto refundido, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

### Artigo 1. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa á utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal que se deriva da realización de ocupacións de ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública ou de terreos de uso público.

### Artigo 2. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficien do aproveitamento, se aínda non se concedera a oportuna autorización.

### Artigo 3. Responsábeis

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

### Artigo 4. Beneficios fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

### Artigo 5. Base imponible

1. Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa o valor de mercado que tería a utilización privativa ou o aproveitamento especial, e todo en función da ocupación, a natureza dos distintos aproveitamentos e, no seu caso, a categoría da vía pública onde se sitúen.

2. No suposto de que se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación.

## **Artigo 6. Cota tributaria. Réxime xeral.**

1. A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a resultante da aplicación ás tarifas contidas no presente artigo, o correspondente coeficiente fixado no punto 3 do mesmo, agás no suposto previsto no artigo 7 e no suposto de que se utilicen procedementos de licitación pública. Neste último caso, a contía da taxa será o valor económico da proposición, que en ningún caso poderá ser menor da cantidade resultante da aplicación do disposto nos apartados seguintes.

2. A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

### **Tarifa primeira.- Cables, raíles, tuberías e outros análogos:**

- a) Ocupacións do subsolo con cables e conducións de calquera clase cuxa sección non exceda de 50 cm., por metro lineal ou fracción, o importe anual será de 6,35 euros.
- b) Ocupacións do subsolo con cables e conducións de calquera clase cuxa sección exceda de 50 cm, por metro lineal ou fracción, o importe anual será de 12,68 euros.
- c) Ocupacións do voo: con cables e conducións de calquera clase, por metro lineal ou fracción, o importe anual será de 12,32 euros.

### **Tarifa segunda.- Postes:**

- a) Por cada poste cuxo diámetro non exceda de 50 cm, o importe anual será de 6,16 euros.
- b) Por cada poste cuxo diámetro exceda de 50 cm, o importe anual será de 12,32 .

### **Tarifa terceira.- Cabinas telefónicas, aparatos automáticos, surtidores e depósitos de combustible, e expositores de publicidade:**

- a) Por cada teléfono instalado na vía pública, o importe anual será de 64,83 euros.
- b) Por cada báscula, cabina fotográfica, máquina de fotocopias e calquera aparato ou máquina de venda de expedición automática de calquera produto ou servizo, o importe anual será de 61,59 euros.
- c) Por cada surtidor de combustible instalado na vía pública o importe anual será de 123,17 euros.
- d) Por cada depósito de combustible instalado no subsolo da vía pública, o importe anual será de 12,68 euros por cada metro cúbico ou fracción.
- e) Por cada expositor de publicidade cuxa ocupación de solo non exceda de 1 metro cadrado, o importe anual será de 61,59 euros.
- f) Por cada expositor de publicidade cuxa ocupación de solo exceda de 1 metro cadrado, o importe anual será de 122,88 euros.
- g) Por cada caixeiro automático, o importe anual será de 445,68 euros.

### **Tarifa cuarta.- Grúas:**

Por cada grúa utilizada na construción, cuxo brazo ou pluma ocupe no seu percorrido o voo da vía pública, o importe anual será de 246,34 euros.

A contía da taxa que corresponde abonar ás grúas por ocupación de voo é compatible coa que, no seu caso, proceda por ter a súa base ou apoio na vía pública.

### **Tarifa quinta.- Outras instalacións distintas das incluídas nas tarifas anteriores:**

3

- a) Ocupacións do subsolo: Por cada m<sup>3</sup> de subsolo realmente ocupado, medidas as súas dimensións con espesores de muros de contención e similares, o importe anual será de 12,68 euros.



b) Ocupacións do solo: Por cada m<sup>2</sup> de solo realmente ocupado, medidas as súas dimensións con peches e elementos análogos, o importe anual será de 61,59 euros.

c) Ocupacións do voo: Por cada m<sup>2</sup> ou fracción medido en proxección horizontal, o importe anual será de 12,32 euros.

3. Sobre a tarifa así determinada aplicarase, agás no caso das ocupacións realizadas no subsolo da vía pública, a seguinte escala de coeficientes, en función da categoría fiscal da rúa onde se sitúen as ocupacións, segundo as categorías previstas na Ordenanza fiscal reguladora do imposto de actividades económicas:

CATEGORÍA	COEFICIENTE
Rúas de 1ª categoría .....	1,44
Rúas de 2ª categoría .....	1,24
Rúas de 3ª categoría .....	1,03
Rúas de 4ª categoría .....	0,93
Rúas de 5ª categoría .....	0,82

4. Os parques e prazas públicos asimílanse, aos efectos desta taxa, as rúas da categoría máis alta daquelas que os circundan. Cando a ocupación se sitúe na confluencia de dúas rúas, aplicarase o coeficiente correspondente á de categoría máis alta.

#### **Artigo 7. Cota tributaria. Aproveitamentos a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros**

Para as empresas explotadoras de servizos de subministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do veciñanza, o importe da taxa consistirá, en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan neste termino as ditas empresas, conforme dispón o artigo 24.1.c) do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

#### **Artigo 8. Período impositivo e devengo**

O período impositivo coincidirá co ano natural. A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta ao longo do período impositivo, que se producirá no momento da ocupación.

### **NORMAS DE XESTIÓN**

#### **Artigo 9. Autoliquidacións e declaracións**

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar as oportunas autoliquidacións coa alta e as declaracións de baixa. Así mesmo, cando se produza unha modificación do número de elementos instalados ou da superficie, que supoña un incremento da cota tributaria, estarán obrigados a presentar a correspondente autoliquidación. No caso de que a modificación supoña a diminución da cota tributaria, estarán obrigados a presentar unha declaración pola dita modificación. Tamén presentaranse declaracións de cambio de titularidade.

Nos supostos de autoliquidacións de alta ou modificación que supoña incremento dos elementos instalados, estas esixiranse en réxime de depósito previo.

2 As citadas autoliquidacións ou declaracións deberán ser presentadas nos 5 días naturais da:

- a) Instalación, nos casos de alta ou modificación que implique un incremento dos elementos instalados ou da superficie.
- b) Retirada, nos casos de baixa ou modificación que implique unha diminución dos elementos instalados ou da superficie.
- c) No caso de que a ocupación non se chegue a realizar. Neste caso, o prazo de 5 días naturais computará dende a data que conste na autoliquidación de alta.

3. As declaracións de cambio de titularidade das ocupacións realizadas tramitaranse como modificacións, debendo ser presentadas polo novo titular. A esta declaración acompañaráselle copia do último recibo e a copia do título que provoca o cambio de titularidade. En ningún caso, a simple presentación da declaración de baixa polo anterior titular surtirá efectos mentres continúen instalados os elementos.

4. A falta de presentación das autoliquidacións determinará que os aproveitamentos detectados se entendan realizados desde a data da solicitude da autorización para a ocupación ou do inicio de calquera actuación administrativa que declare a súa existencia, no caso de que comezase previamente á solicitude da autorización, aplicándose a tarifa correspondente a dito período, sen prexuízo das sancións que pola falta de presentación das autoliquidacións se puideran impoñer.

5. A falta de presentación das autoliquidacións de incremento de ocupación determinará que se considere á superficie ocupada efectivamente como si o estivera desde a data da alta ou a determinada, no seu caso, de acordo coas normas do apartado anterior, sen prexuízo das sancións que pola falta de presentación das autoliquidacións se puideran impoñer.

6. A presentación fora de prazo da declaración de baixa ou de modificación, cando esta supoña unha minoración da cota tributaria, producirá efectos desde a súa presentación, de acordo co disposto no artigo 119.3 da Lei 58/2003, sen prexuízo das sancións que se poidan impoñer.

7. O prazo de pago en período voluntario das autoliquidacións será de cinco días naturais.

#### **Artigo 10. Xestión no réxime xeral**

1. A taxa xestionarase mediante padrón que, unha vez aprobado polo órgano competente, exporase ao público polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios deste Concello. En todo caso, publicaranse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

2. As autoliquidacións de alta producirán a incorporación dos suxeitos pasivos ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas autoliquidacións.

3. As declaracións de baixa producirán a baixa no padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas declaracións.

4. As autoliquidacións e declaracións de modificación producirán a incorporación ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen.

5. En ningún caso, o inicio do procedemento de xestión ou o pago da cota implicará que se entendan como autorizadas polo Excmo. Concello de Pontevedra as distintas instalacións.

6. As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse mediante recibo ou autoliquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período sinalado.

#### **Artigo 11. Xestión no caso de aproveitamentos a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros**



No caso de empresas subministradoras de servizos que afectan a unha xeneralidade de veciños, deberán realizar a correspondente autoliquidación. A estes efectos, deberán presentar en cada autoliquidación o correspondente volume de ingresos producidos así como a cota tributaria a ingresar. O prazo de pago en período voluntario das autoliquidacións será de quince días naturais desde a finalización de cada trimestre natural.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).
2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación a, ambos inclusive.
3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 21 de decembro de 2001, aprobouse polo propio Pleno na súa sesión día 28 de outubro de 2013, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.

